

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 3 prazas de axente de xestión e inspección tributaria (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)*

#### ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de funcionario de carreira no posto de Axente de Xestión e Inspección Tributaria incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000040 – AXENTE DE XESTIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1870/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de funcionario de carreira no posto de Axente de Xestión e Inspección Tributaria incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP. Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 2802/2023, do 06/10/2023, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de funcionario de carreira no posto de Axente de Xestión e Inspección Tributaria incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (Admisión de aspirantes) e na base Quinta (Tribunais Cualificadores) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de funcionario de carreira no posto de **Axente de Xestión e Inspección Tributaria** (Grupo C, Subgrupo C1; Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Auxiliares) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	ARIAS LOPEZ	JUAN MANUEL	***7445**	-	SI
2	IGLESIAS VÁZQUEZ	BRUNA	***8927**	-	SI
3	LEMA AMADO	NOELIA MARIA	***5112**	-	SI
4	VARELA ESMORÍS	ANA BELEN	***1479**	-	SI

## Excluídos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	TASENDE LOPEZ	IRMA	***1818**	1	SI

## Motivos de exclusión:

1. Non adxunta a titulación esixida: Bacharel ou equivalente.

**Segundo.-** Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a:	
Titular:	<b>D<sup>a</sup>. Carmen del Río Rodríguez</b> TAX - Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.
Suplente:	<b>D<sup>a</sup>. María Irache Enríquez Albaina</b> Interventora do Concello de Carballo.
Vogal 1:	
Titular:	<b>D. Carlos Collazo Martínez</b> TAE - Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria do Concello de Carballo.
Suplente:	<b>D. Juan Antonio Rey Rivas</b> Tesoureiro do Concello de Carballo.
Vogal 2:	
Titular:	<b>D<sup>a</sup>. Montserrat Soto Rodríguez</b> Técnica de Xestión Tributaria do Servizo de Xestión Tributaria da Deputación de A Coruña.
Suplente:	<b>D<sup>a</sup>. Ana María Prieto Martínez</b> Vice-Interventora do Concello de Carballo.
Vogal 3:	
Titular:	<b>D. Jacobo Rebolledo Olmedo</b> Técnico Financeiro Tributario do Servizo de Xestión Tributaria da Deputación de A Coruña.
Suplente:	<b>D. Francisco Javier Fraga Piñeiro</b> TAE - Xefe do Servizo de Habilitación e Recadación do Concello de Carballo.
Secretario/a:	
Titular:	<b>D. Miguel Piñeiro Souto</b> Secretario Xeral do Concello de Carballo.
Suplente:	<b>D<sup>a</sup>. María Graciela Riveiro Moreira</b> Secretaría-Interventora do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

**Terceiro.-** Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva que terá lugar o **luns 16 de outubro do 2023 ás 10.00 horas**, de forma telemática na plataforma dixital do Concello de Carballo.

**Quinto.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

En Carballo, 06 de outubro de 2023

O alcalde,

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/7987